



**BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR/A E
PERSONAL DIRECTIVO, E DOCENTE PARA O PROGRAMA DE
EMPREGO “SANTIAGO SUSTENTABLE III” PARA PERSOAS
MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SNGX, DO CONCELLO DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

O programa de emprego "SANTIAGO SUSTENTABLE III" é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas mozas incluídas no Ficheiro do SNGX, cofinanciado pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e o Fondo Social Europeo, e promovido polo **Concello de Santiago de Compostela**.

Este programa está subvencionado ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (TR353B), publicada no DOG núm. 21, do 02/02/2021. Respéctanse o establecido na Resolución de concesión da subvención, con número de expediente 15/0009/2021, e a Circular número 6/2021, de data do 15/06/2021, sobre Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos Programas de emprego para persoas mozas e obradoiros duais de emprego.

A **especialidade** a impartir é a seguinte:

-DESENVOLVEMENTO DE APLICACIONS CON TECNOLOXIAS WEB (IFCD0210) E DESENVOLVEMENTO DE PRODUTOS AUDIOVISUAIS MULTIMEDIA INTERACTIVOS (IMSV0209)

A distribución por concellos é a seguinte:

- **Concello de Santiago de Compostela: 16 alumnos/as**

As **actuacións** a realizar son as seguintes:

- 1.- Desenvolvemento dun asistente virtual e chat intelixente para facilitar o acceso á información existente na web corporativa e a utilización da sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela.
- 2.- Análise, deseño e construción dunha app no ámbito das árbores e bosques de Compostela en realidade virtual e aumentada.



O obradoiro terá unha duración de 12 meses e formará a 16 alumnos/as traballadores/as.

O alumnado traballador/a será contratado, baixo a modalidade de contrato para a formación e o aprendizaxe coas particularidades que establece a disposición adicional primeira do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e o aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, e percibirá as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

Contratarase ao seguinte persoal para o obradoiro de emprego:

- **1 director/a** (xornada completa)
- **1 mestre de Desenvolvemento de Aplicacións con tecnoloxías Web (IFCD0210)** (xornada parcial)
- **1 mestre de Desenvolvemento de Produtos Audiovisuais Multimedia Interactivos (IFCD0210)** (xornada parcial)
- **1 mestre de formación complementaria** (xornada completa).

SISTEMA DE SELECCIÓN

En vista da Orde de convocatoria do Orde do 31 de decembro de 2020, e da Circular número 6/2021, propónse un sistema de selección que se fundamenta nos seguintes procedementos:

1. Normas xerais:

Normativa a aplicar: Segundo o artigo 14 da Orde do 31 de decembro de 2020, séguense os criterios e procedementos establecidos polo Servizo Público de Emprego para a cobertura de ofertas de emprego, polo que non será de aplicación a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas aínda cando a entidade promotora sexa unha entidade pública. Neste último caso, o persoal directivo, docente e as persoas mozas seleccionadas non se considerarán incluídos nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa.

Publicidade das fases do proceso: As bases reguladoras do proceso de selección do persoal directivo, docente e do alumnado aprobadas polo Concello de Santiago de Compostela expóñense ao público no taboleiro de anuncios do Concello e na web www.axencialocaldecolocacion.org.

Ademais, enviaranse á oficina de emprego e para a súa publicación na páxina web do Programa Operativo de emprego xuvenil e tamén serán remitidas á Xefatura Territorial do Servizo de Orientación e Promoción Laboral.

Todas as fases do proceso de selección daranse a coñecer no taboleiro de anuncios do Concello de Santiago e na web www.axencialocaldecolocacion.org.

Rematado o procedemento de selección, o Concello de Santiago remitirá á oficina de emprego e á Xefatura territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da Coruña, a



documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas como beneficiarias participantes, persoal directivo e docente

Principios de actuación: Actúase de acordo aos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación. Así mesmo as ditas actuacións cumprirán cos requisitos mínimos e cos criterios de preferencia establecidos na correspondente orde de convocatoria e na instrucións 6/2021.

Listaxes de reserva: Rematado o proceso selectivo, o Concello de Santiago elaborará unha listaxe de reserva integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases de selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás do proposto para ocupar a praza obxecto da convocatoria, segundo se indica nos respectivos apartados destas bases. No suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación pola entidade promotora, iniciárase un novo procedementos de selección.

2. Comisión de Selección:

A Comisión de selección estará formado por 5 persoas, empregadas públicas do Concello de Santiago e nomeadas polo Alcalde.

A Comisión de selección considerarase validamente constituído coa participación nas sesións de traballo de, polo menos, tres dos seus compoñentes. Se se deran circunstancias que impidan a participación dos membros da Comisión de Selección, poderán ser asignadas outras persoas da entidade.

As decisións da Comisión de Selección tomaranse por unanimidade ou pola maioría simple dos membros presentes. A persoa designada como presidente/a, coa finalidade de dirimir os posibles empates nas votacións, disporá de voto de calidade.

O presente proxecto terá como data límite prevista para o seu inicio o 12/08/2021, segundo se establece nas Resolucións de concesión da subvención ao Concello de Santiago e na de autorización de prórroga do inicio.

Incidencias e reclamacións: As incidencias e reclamacións que se puidesen suscitar derivadas dos procesos de selección serán resoltas pola Comisión de Selección.

3. Procedemento de selección alumnado-traballador/a:

Localidade: Ámbito do Concello de Santiago de Compostela . No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase ao resto dos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.



Idade: Persoas de 18 ou máis anos que non superen a idade máxima dos 30 anos (esta circunstancia debe cumprirse na data de elaboración da sondaxe por parte da Oficina de emprego e ao inicio do programa).

Situación Laboral: Mozos e mozas desempregados/as, Inscritas e en situación de beneficiarias no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia que será o encargado de realizar a sondaxe tendo en conta ás persoas inscritas en algún dos seguintes servizos:

320: Escola Taller programas

330: Casa de Oficio

340: Taller de Emprego

370: Outros programas de emprego e formación dual.

(como novidade, as ofertas tipo T preseleccionarán a demandantes de emprego que se atopen na situación administrativa de suspensión 699 “suspensión específica programas experimentais de emprego”).

Ademais, deberán manter o cumprimento dos requisitos exixidos na Lei 18/2014, modificada polo Real decreto lei 6/2016, do 23 de decembro, con carácter previo a participar nos programas de emprego.

Que cumpran os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe, co obxecto de estar vinculada mediante un contrato de tales características ao proxecto, durante toda a duración deste, de acordo co previsto no artigo 11.2 e na disposición adicional segunda do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

Como a formación que se vai impartir no proxecto vai dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 3, garantírase que o candidato/a cumpre cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados. No caso de que a persoa candidata participara con anterioridade noutro obradoiro de emprego e posúa xa un certificado de profesionalidade, poderá optar á selección sempre e cando a formación que se vaia impartir neste novo programa de emprego se corresponda con un certificado de profesionalidade distinto.

Criterios preferentes de selección: A Comisión de Selección deberá aplicar os criterios preferentes de selección que figuran nos artigos 2, 10 e 11 da Orde do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (TR353B) e no artigo 105.3 da Lei 18/2014 de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia e no Programa operativo de emprego xuvenil 2014-2020, segundo baremo que se xunta no anexo I destas bases.

A Comisión de Selección poderá excluír do proceso selectivo ás persoas candidatas que tiveran participado anteriormente nunha escola obradoiro ou obradoiro de emprego.



O número máximo de candidatos/as a preseleccionar será determinado pola Comisión de Selección, e o mínimo será, se é posible, de 48 (*3 por praza*). A sondaxe poderá realizarse entre as persoas demandantes con algunha das claves seguintes: **340, 330, 320 ou 370**, (preseleccionarán a demandantes de emprego que se atopen na situación administrativa de suspensión 699 “suspensión específica programas experimentais de emprego”).

Unha vez ditada a resolución de concesión de subvención para o obradoiro de emprego, o Concello de Santiago tramitará a correspondente oferta na **oficina de emprego de Santiago Centro**, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas pola Comisión de Selección.

A selección definitiva dos/as 16 alumnos/as, será efectuada pola Comisión de Selección que aplicará o baremo establecido no anexo I, por medio do que serán avaliados as circunstancias persoais e profesionais dos candidatos remitidos pola oficina de emprego e unha entrevista persoal, que será previa á aplicación dos criterios obxectivos, coa finalidade de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo.

O Concello de Santiago comunicará ás persoas candidatas preseleccionadas, a data e lugar para a realización da entrevista. Estas entrevistas terán lugar nas datas e no local que fixe o grupo de traballo mixto. A Comisión de Selección levará a cabo as entrevistas, as valorará e puntuará, o que será obxecto de exposición pública no mesmo local onde tivo lugar a entrevista, nas oficinas de emprego do ámbito de Santiago e na páxina web do Concello de Santiago de Compostela.

A Comisión de Selección poderá optar por substituír a entrevista persoal por un procedemento de selección consistente nunha reunión na que serán citados todas as persoas candidatas preseleccionadas, para seren sometidas a un cuestionario previamente aprobado polo grupo de traballo mixto.

A Comisión de Selección redactará as correspondentes actas e as remitirá á xefatura territorial (**Servizo de Orientación e Promoción Laboral**), acompañada da relación do alumnado admitido e excluído indicando, neste último caso, a causa da súa exclusión.

No caso de empate entre as puntuacións das persoas candidatas resolveranse aplicando a seguinte orde de prelación:

- 1.- O maior tempo acreditado como desempleado (derradeira inscrición na oficina de emprego.)
- 2.- A idade, tendo preferencia a persoa maior

As persoas que non presenten a documentación ou que non acudan ás convocatorias das distintas fases do proceso quedarán excluídas.



4. Procedemento selección do persoal directivo e docente :

4.1 Convocatoria: Para levar a cabo o proceso de selección do persoal directivo e docente, o Concello de Santiago de Compostela tramitará as correspondentes ofertas de emprego na oficina de emprego de Santiago-centro, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas.

Neste caso o procedemento utilizado consistirá na oferta de emprego, na que se adecuará o perfil das persoas candidatas aos baremos que se achegan nas páxinas seguintes. As persoas candidatas forzosamente deberán estar inscritas na oficina de emprego, como demandantes desempregadas ou en mellora de emprego.

A Comisión de Selección determina o número máximo de persoas candidatas a preseleccionar para cada praza en 6, debendo considerar, na medida do posible, tres persoas candidatas por posto.

O ámbito da sondaxe será o Concello de Santiago de Compostela, ampliándose, no caso de non se obter o número de persoas candidatas suficiente, aos outros concellos do ámbito territorial da oficina de emprego a que pertence o concello promotor e de ser necesario, a toda a provincia.

O Concello de Santiago comunicará os/as candidatos/as preseleccionados/as a forma, lugar e prazo de presentación da documentación xustificativa do currículo, acreditativa dos seus méritos:

- A titulación académica, que se xustificará co correspondente título académico oficial.
- Os cursos realizados, que se xustificaran cos correspondentes diplomas.
- A experiencia profesional, que deberá xustificarse:
 - ✓ Tráballo por conta allea: Contratos de traballo ou certificados de empresa, vida laboral expedida pola Seguridade Social sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada, computándose as horas efectivas traballadas.
 - ✓ Traballadores autónomos: Alta no imposto de actividades económicas acompañada de informe de vida laboral. No caso de non estar obrigado, documento que lle exima de obrigación de cotizar.
 - ✓ Traballados no estranxeiro: Certificación oficial na que conste a profesión desempeñada e os períodos traballados.

As persoas candidatas preseleccionadas que non cumpran cos requisitos de titulación e experiencia profesional, quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que non terá lugar a entrevista e o seu currículo non será obxecto de baremación.

As persoas que non se presenten ás distintas fases do proceso e á entrevista serán excluídas do proceso selectivo.

4.2 Fases do procedemento selectivo:

1. Entrevista

Esta fase non é eliminatória, pero quedarán excluídas do proceso as persoas que non se presenten.

Consistirá nunha entrevista individual na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.



Unha vez rematada esta fase e antes de iniciar a valoración de méritos, publicarase unha listaxe coas puntuacións obtidas por cada unha das persoas candidatas.

2. Valoración de méritos

Consiste na valoración dos méritos achegados polas persoas candidatas, segundo se indica nestas bases.

Faranse públicas as puntuacións no taboleiro de anuncios do Concello de Santiago e no sitio web www.axencialocaldecolocacion.org.

4.3 Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas

Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, son por orde de prelación:

- a. O maior tempo acreditado como desempregado (derradeira inscrición na oficina de emprego)
- b. A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado
- c. A puntuación no apartado de experiencia profesional
- d. A puntuación outorgada no apartado de experiencia docente
- e. A puntuación correspondente ás titulacións complementarias
- f. A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego
- g. A puntuación obtida no apartado de cursos realizados
- h. O de maior idade.

4.4 Publicacións e/ou notificacións:

A Comisión de Selección acordará a publicación dos resultados, e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normativa aplicable. Estas publicacións realizaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Santiago, así como na páxina web www.axencialocaldecolocacion.org



BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA DIRECTOR/A

FUNCIONES:

Encargarase da coordinación do programa de emprego para as persoas mozas “Santiago Sustentable III”, e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Emprego e Igualdade, entidade promotora e empresariado. Levará a cabo a xestión e a supervisión económica do proxecto, así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo.

Así mesmo coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do proxecto e do traballo administrativo, e responsabilizarase de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais.

En xeral estará encargado do bo funcionamento do Obradoiro, concretamente:

1. Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuacións
 2. Presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade e ante o Concello de Santiago de Compostela as memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria da execución das obras, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material ou maquinaria.
 3. Coordinar a programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e o certificado de profesionalidade.
 4. Supervisar a formación do alumnado-traballador/a e a labor educativa do persoal docente.
 5. Colaborar co/a mestre/a de xestión empresarial para facilitar a inserción laboral do alumnado durante e unha vez rematado o proxecto.
 6. Controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal do obradoiro, asistencia, puntualidade, comportamento no posto de traballo; todo en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado.
 7. Propoñer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado-traballador/a.
 8. Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.
- Será contratado/a a tempo completo.

REQUISITOS MÍNIMOS:

A sondaxe realizarase pola ocupación de “Director técnico de centro educativo” con nivel académico: licenciatura ou grao.

Experiencia profesional mínima de 24 meses na ocupación.

ENTREVISTA:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de 6 puntos.



VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro:

- Doutoramento: 1.25 puntos.
- Master **universitario**, ata 500 horas: 0.75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
- Pos grado **universitario**, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- Titulación universitaria ou: licenciatura ou grao, 1.5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
 - Título de técnico/a superior en **formación profesional** da rama correspondente de, ou o seu equivalente: 0.10 puntos.
 - Título de técnico/a **medio en formación profesional** da rama correspondente de, ou o seu equivalente: 0.05 puntos.

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliáveis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Valoraríanse unicamente como máster universitario ou posgrado os que así se identifiquen no propio título ou veñan acompañados dunha certificación que acredite a dita categoría de máster ou posgrado.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **2 puntos**.

Coñecementos do idioma galego:



- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se tera en consideración o grao superior.

Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. No caso de empate será de aplicación os **Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas**.

BAREMO PARA A SELECCIÓN DE MESTRES/AS DE OBRADOIRO

FUNCIONES:

As persoas candidatas seleccionadas encargaranse de impartir a educación correspondente aos seus oficios e de actuar como mestres das súas especialidades nas obras ou actuacións que se leven a cabo como práctica profesional dos/as alumnos/as traballadores/as.

- Será contratado 1 **mestre/a de Desenvolvemento de Aplicacións con Tecnoloxías Web (IFCD0210)** a xornada parcial.
- Elaborar, xunto co/a director/a, a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
- Desenvolver, cumprir e impartir do programa formativo na aula e nas obras a executar, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico-prácticos a impartir e a realización das actividades relacionadas cos contidos.
- Responsabilizaranse da aprendizaxe do alumnado-traballador/a, de todas as normas en xeral, do regulamento de réxime interno e das normas de seguridade e saúde en particular.
- Controlarán a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado-traballador/a, notificando á dirección do obradoiro das incidencias que se produzan.
- Responsabilizaranse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- Cursarán á dirección do obradoiro as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado traballador/a.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Nivel académico:



Os establecidos no Real Decreto 628/2013, de 2 de agosto, polo que se establecen catro certificados de profesionalidade da familia profesional Informática e comunicacións e se actualizan os certificados de profesionalidade establecidos no Real Decreto 1531/2011, de 31 de outubro e como anexos I, II, III, IV, V e VI do Real Decreto 686/2011, de 13 de maio, que regula o certificado de profesionalidade desta especialidade.

A experiencia profesional esixida nos certificados de profesionalidade para a impartir de docencia acreditarase en horas efectivas traballadas.

Considerarase ésta como requisito mínimo de acceso se non se posúe o correspondente certificado de profesionalidade ou o resto de requisitos necesarios para impartir a docencia segundo a normativa, valorándose a maiores só o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

ENTREVISTA:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un **máximo de 6 puntos**

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro:

- Doutoramento: 1.25 puntos.
 - Master universitario, ata 500 horas: 0.75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
 - Pos grado universitario, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- Titulación universitaria ou: licenciatura ou grao, 1.5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
 - Título de técnico/a superior en formación profesional da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.10 puntos.
 - Título de técnico/a medio en formación profesional da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.05 puntos.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Valorarásen unicamente como máster universitario ou posgrao os que así se identifiquen no propio título ou veñan acompañados dunha certificación que acredite a dita categoría de máster ou posgrado.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.



No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 9 puntos.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de **1 punto**.

Cursos de formación:

- Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos
- Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos
- Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto
- Curso de *C.A.P. ou equivalente (máster en secuntaria)*: 1 punto
- Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de **1 punto**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Puntuación final :

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. No caso de empate serán de aplicación os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas (base 3.1)

- Será contratado 1 **mestre/a de Desenvolvemento de produtos audiovisuais multimedia interactivos (IMSV0209)** a xornada parcial.
- Elaborar, xunto co/a director/a, a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.



- Desenvolver, cumprir e impartir do programa formativo na aula e nas obras a executar, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico-prácticos a impartir e a realización das actividades relacionadas cos contidos.
- Responsabilizaranse da aprendizaxe do alumnado-traballador/a, de todas as normas en xeral, do regulamento de réxime interno e das normas de seguridade e saúde en particular.
- Controlarán a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado-traballador/a, notificando á dirección do obradoiro das incidencias que se produzan.
- Responsabilizaranse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- Cursarán á dirección do obradoiro as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado traballador/a.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Nivel académico:

Os establecidos no RD 725/2011, do 20 de maio, que regula o certificado de profesionalidade desta especialidade.

A experiencia profesional esixida nos certificados de profesionalidade para a impartir de docencia acreditarase en horas efectivas traballadas.

Considerarase ésta como requisito mínimo de acceso se non se posúe o correspondente certificado de profesionalidade ou o resto de requisitos necesarios para impartir a docencia segundo a normativa, valorándose a maiores só o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

ENTREVISTA:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un **máximo** de **6 puntos**

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro:

- Doutoramento: 1.25 puntos.
 - Master universitario, ata 500 horas: 0.75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
 - Pos grado universitario, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- Titulación universitaria ou: licenciatura ou grao, 1.5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
 - Título de técnico/a superior en formación profesional da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.10 puntos.
 - Título de técnico/a medio en formación profesional da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.05 puntos.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliáveis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.



Valorarásen unicamente como máster universitario ou posgrado os que así se identifiquen no propio título ou veñan acompañados dunha certificación que acredite a dita categoría de máster ou posgrado.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 9 puntos.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de **1 punto**.

Cursos de formación:

- Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos
- Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos
- Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto
- Curso de *C.A.P. ou equivalente (máster en secuntaria)*: 1 punto
- Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de **1 punto**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Puntuación final :



As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. No caso de empate serán de aplicación os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas (base 3.1)

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA MESTRE/A COORDINADOR/A DE FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

FUNCIONES:

Realizará labores de coordinación de todas as accións formativas do obradoiro cos docentes. A persoa candidata seleccionada encargárase de impartir a formación en materia de xestión empresarial, información, orientación e inserción laboral. Impartirá tamén os módulos de iniciación á informática, e igualdade de xénero, así como tarefas de información, orientación e inserción laboral.

Así mesmo, levará a cabo funcións tales como visita a empresas para captación de ofertas de emprego, intermediación laboral, acompañamento na inserción laboral dende o inicio do obradoiro, adestramento en habilidades para a busca de emprego, asesoramento legal nas relacións laborais, busca de oportunidades de emprego, definicións de perfís profesionais e realizar a difusión e estímulo de potenciais oportunidades de creación de actividade entre os/as alumnos/as traballadores/as.

Será contratado/a a xornada completa.

REQUISITOS MÍNIMOS:

A sondaxe realizarase pola ocupación de “Técnico e/ou Coordinador de Formación” con nivel académico: de licenciatura ou grao.

Experiencia profesional mínima de 24 meses na ocupación.

ENTREVISTA:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un **máximo de 6 puntos**.

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro:

- Doutoramento: 1.25 puntos.
 - Master universitario, ata 500 horas: 0.75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
 - Pos grado universitario, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- Titulación universitaria ou: licenciatura ou grao, 1.5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
 - Título de técnico/a superior en formación profesional da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.10 puntos.



- Título de técnico/a medio en **formación profesional** da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.05 puntos.

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Valoraránse unicamente como máster universitario ou posgrado os que así se identifiquen no propio título ou veñan acompañados dunha certificación que acredite a dita categoría de máster ou posgrado.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.

- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **1 punto**.

Cursos de formación:

Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos

Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos

Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto

Curso de *C.A.P. (máster en secundaria)*: 1 punto

Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de **1 punto**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

A **puntuación máxima** a obter por este apartado será de ata **1 punto**.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EMPREGO
E IGUALDADE



Fondo Social Europeo
Iniciativa de Emprego Xuvenil
O FSE inviste no teu futuro

UNIÓN EUROPEA

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só terase en consideración o grao superior.

Puntuación final :

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. No caso de empate serán de aplicación os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas (base 4.3)

ANEXO I

BAREMO SELECCIÓN ALUMNADO DO PROGRAMA DE EMPREGO “SANTIAGO SUSTENTABLE III”

ENTREVISTA

No caso de que a Comisión de selección considere que debe ter lugar a celebración dunha entrevista valorarase o interese da persoa preseleccionada en participar no proxecto e as súas actitudes, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo. **Puntuarase ata un máximo de 10 puntos.**

Valorarase a actitude, eficacia, experiencia profesional e cantas outras circunstancias precisense para a mellor adaptación aos requisitos esixidos polo programa e ás correspondentes especialidades.

ITEM A VALORAR	PUNTUACIÓN MÁXIMA
ACTITUDE/MOTIVACIÓN	3
ACTITUDE/ADECUACIÓN AO POSTO	3
EMPREGABILIDADE	4

BAREMO

CRITERIOS		PUNTOS
Persoas beneficiarias que non recibiran previamente atención polo sistema		5
Discapacidade \geq 33%		1
Idade	De 18 ata 20 anos	0,5
	De 21 ata 22 anos	1
	De 23 ata 24 anos	2
	De 25 en diante	3
Experiencia laboral	Ningunha (0 a menos de 1 mes)	3
	< 12 meses (1 a 11 meses)	2



	≥ 12 meses	1
Nivel de cualificación profesional	Baixa (que non posúan un carné profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou 3, título de F.P. ou titulación universitaria)	3
	Media (que posúan un carné profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou FP ciclo medio)	1,5
	Alta (que posúan certificado de profesionalidade de nivel 3, título de FP de ciclo superior ou titulación universitaria)	0,5